

ENTREGA DOS LIBROS DE PRÉSTAMO E DA AXUDA PARA O MATERIAL

Estimados pais/nais/titores legais, queremos informalos de como faremos a entrega dos libros que lle foron adxudicados ao seu fillo/a polo programa do *Fondo Solidario de Libros de Texto* e a entrega dos vales de axuda para o material.

O proceso para **entregar os libros** será:

1. Xunto con esta carta enviámoslles un documento no que aparecen os datos do seu fillo/a e os libros que lle foron adxudicados e que lle entregaremos no Centro. Este documento ten que ser asinado polo pai/nai ou titor legal, cuxos datos aparecen alí, e ten que ser devolto ao Centro.
2. A cada alumno/a se lle entregarán os libros adxudicados e se lle devolverá o mencionado documento asinado polo director e co selo do Centro.

O proceso para **entregar os vales de axuda** para o material será:

1. Os pais/nais/titores legais debedes comprobar na web do centro ou no propio centro se o voso fillo/a lle adxudicaron vale de material.
2. O vale terá que recollelo persoalmente o titular do mesmo no instituto en horario de 9:00 a 14:30 horas.
3. Se o titular do vale non pode vir en persoa, terá que cubrir a autorización que vén abaixo e a persoa que veña a recollelo terá que traer esa autorización e unha **fotocopia do DNI do titular do vale**.

Sen outro particular, atentamente,

A DIRECCIÓN

D./Dna..... con DNI

Autorizo a D./Dna. con DNI.....

a recoller no IES de Meaño o vale de axuda para material que está ao meu nome.

Asdo.: